Comunicado dos equipos de xestión dos proxectos de cooperación europea do Rio Minho ante a pandemia do COVID19

Ante a excepcional situación na que nos atopamos provocada pola pandemia do Covid19, a equipa de xestión dos proxectos de cooperación europea Visit Rio Minho e Smart Minho, dos que son socias diferentes administracións públicas de Galiza e Portugal*, e o AECT Rio Minho, ente público de cooperación territorial europea da que forman parte a Deputación de Pontevedra e o CIM Alto Minho, queremos facer un chamamento conxunto á solidariedade e á responsabilidade nestes momentos tan difíciles para a poboación de ambas marxes do río Miño e a manter o confinamento ata que o perigo de contaxio estea superado.

Aínda que separados fisicamente por unha fronteira que reaparece despois de 25 anos, agora máis que nunca, estamos unidos de corazón e sentimos que somos un mesmo pobo ante a adversidade.

Durante as vindeiras semanas seguiremos traballando de xeito telemático e estaremos á vosa disposición a través das canles habituais: os nosos correos electrónicos riominho.interreg@depo.es e geral@aectriominho.eu; o teléfono da oficina 886 210 280, páxinas web de smartminho.eu e visitriominho.eu e nas

nosas redes sociais.

Un saúdo e forza
nestes momentos difíciles pero que superaremos xuntos e xuntas.

Durante a pandemia do Covid19, #Quedanacasa #Fiqueemcasa

*__Smart Minho__: Deputación de Pontevedra, CIM Alto Minho, AECT Rio Minho e Centro de Estudos Euro Rexionais. **Visit Rio Minho**: CIM Alto Minho, Deputación de Pontevedra, AECT Rio Minho e Centro de Estudos Euro Rexionais Galiza – Norte de Portugal, Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), Universidade de Vigo, Municipios de Caminha, Melgaço, Monçao, Paredes de Coura, Valença e Vila Nova de Cerveira.